

## UGT CELEBRA O 175 ANIVERSARIO DO NACEMENTO DE PABLO IGLESIAS EN FERROL COA RECUPERACIÓN DA PLACA NA SÚA HONRA

**Redacción.-** O pasado día 17 tivo lugar en Ferrol o acto de recuperación da placa conmemorativa en honor a Pablo Iglesias, fundador da UGT e do PSOE, no 175 aniversario do seu nacemento. No ano 1927 o Concello de Ferrol dedicoulle a Pablo Iglesias unha placa que desapareceu durante a ditadura e que agora neste acto, organizado por UGT, PSOE e as fundacións Pablo Iglesias e Largo Caballero, foi restituída.

No acto interviñeron, entre outros, o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, que lembrou que hai 175 anos en Ferrol naceu un home que cambiou a historia, que puxo en pé unha idea que aínda hoxe en día “nos guía, que a clase traballadora unida é invencible”.

Arremeteu contra os bulos e mentiras da ultradereita, que poñen en dúbida todo o conquistado, os dereitos, os avances en materia de igualdade, e alertou sobre o perigo de que estes bulos cheguen antes que a verdade.

Engadiu que a xente máis moza debe ser coñecedora de que o sindicalismo representa dereitos e igualdade e isto pasa por mellorar salarios, reducir a precariedade, reforzar a negociación colectiva, loitar contra a desigualdade. Isto faise dende o sindicato, así como abanderar novas loitas, como a redución da xornada ou a mellora das indemnizacións por despedimento. Aquí tamén hai que recordarlle á sociedade en xeral e aos máis mozos en particular quenes son os que votaron en contra desta redución de xornada, en contra da conciliación, en contra da mellora da vida da xente traballadora, foi a dereita deste país, esta é a verdade e o contrario son bulos e mentiras cos que algúns intentan tapar as súas miserias.

Medeiros considerou que este foi un día para falar de memoria pero tamén de futuro. Neste 175 aniversario foi o momento de lembrar de onde vimos e cara onde queremos ir. Porque Pablo Iglesias non fundou só un sindicato, fundou un xeito de ver o mundo. Neste senso, hai que lembrar que Pablo Iglesias foi fillo da

pobreza e a inxustiza pero tamén da esperanza, esperanza que hai que levar a cada empresa a cada centro de traballo.

Nesta mensaxe coincidiu o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, que pediu un maior e mellor recoñecemento para a figura de Pablo Iglesias. Neste senso, esixulle ao Concello de Ferrol que lle de a dignidade que se merece.

Pediu memoria, hai que lembrar que persoas como Pablo Iglesias emigraron a Madrid, sen nada, en busca dunha vida máis digna. Do mesmo xeito que o fan hoxe os inmigrantes que chegan ás nosas terras en busca dun futuro mellor.

Álvarez tamén dirixiu unha mensaxe moi clara neste acto homenaxe, os dereitos deste país teñen o selo das organizacións que fundou Pablo Iglesias e iso é algo que os traballadores e traballadoras deben lembrar.

Aínda así, o que queda por facer é moito e baixo o paraugas das ideas de Pablo Iglesias pódese facer, debemos abanderar o freo ao fascismo en Europa, temos demostrado que crecer como país

é compatible co reparto da riqueza, como se fixo coa subida do SMI.

En definitiva, hai que seguir a senda “do noso fundador” e seguir traballando pola mellora dos dereitos da clase traballadora.



# UGT RECLAMA SEGUIR REDUCINDO O TEMPO DE TRABALLO, REFORZAR A PROTECCIÓN FRONTE AO DESPEDIMENTO INXUSTO E GARANTIR SALARIOS QUE CREZAN PARA AMORTECER OS EFECTOS DAS SUBIDAS DE PRODUTOS BÁSICOS

**Redacción.-** Os datos da Enquisa de Poboación Activa (EPA) do terceiro trimestre de 2025 publicados polo INE confirman a resiliencia do mercado laboral español.

A ocupación aumenta en 14.000 persoas no trimestre e en 20.100 no último ano, alcanzando un récord histórico de 1.179.500 persoas ocupadas, das cales 960.400 son asalariadas.

O emprego a tempo completo incrementábase en 23.900 persoas e o parcial caeu en 10.000, o que reflicte unha maior estabilidade.

A taxa de temporalidade sitúase no 14,6%, a máis baixa nun terceiro trimestre desde que existen rexistros, consolidando a mellora derivada da reforma laboral de 2021, froito do diálogo social entre o Goberno, os sindicatos e a patronal.

A taxa de paro sitúase no 8%, a máis baixa das series dispoñíbles.

UGT subliña que a regulación actual do despedimento segue sendo unha materia pendente en España. A reforma imposta en 2012 —un ataque frontal ao diálogo social e á negociación tripartita— debilitou a posición das vítimas dun despedimento inxusto e ilegal, reducindo sistematicamente as indemnizacións por un acto ilícito e eliminando os salarios de tramitación. Esta reforma rompeu o equilibrio entre as partes e vulnerou os estándares europeos de protección.

Por iso, UGT esixe unha reforma que restableza a xustiza no despedimento e garanta a reparación íntegra ás persoas traballadoras afectadas, tal como establece a Carta Social Europea e recoñeceu o Comité Europeo de Dereitos Sociais, ao declarar que o sistema español non protexe adecuadamente fronte ao despedimento improcedente.

UGT considera que a patronal, se realmente cre no diálogo social, debe demostralo negociando unha nova regulación que protexa ás vítimas de decisións empresariais inxustificadas e ilegais e non aliñarse con quen busca manter unha norma que destruíu a concertación social.

Defender o contrato de traballo e a dignidade das persoas despedidas inxus-

tamente é unha obrigaón democrática e xurídica, non unha opción.

A xornada laboral máxima legal de 40 horas semanais mantense inalterada desde fai máis de catro décadas, a pesar da profunda transformación que experimentaron as formas de producir, de traballar e de vivir. Hai que seguir avanzado e o próximo AENC será unha boa oportunidade para incidir na redución do tempo de traballo. Reducir progresivamente o tempo de traballo sen perda salarial é unha reforma necesaria para adaptar as relacións laborais aos novos tempos, marcados pola dixitalización, a automatización, a intelixencia artificial e as grandes transicións ecolóxica, demográfica e tecnolóxica.

A repartición máis equilibrada do tempo de traballo permitirá aproveitar mellor os aumentos de produtividade derivados da innovación, mellorar a saúde laboral, reducir a parcialidade involuntaria, facilitar a conciliación e garantir unha transición xusta no mundo do traballo. En definitiva, avanzar cara a xornadas máis curtas non só é unha cuestión de benestar, senón tamén de eficiencia, sustentabilidade e cohesión social.

A organización sindical lembra que a repartición do tempo de traballo é clave para mellorar a produtividade, reducir a parcialidade involuntaria (que afecta ao 43,9% de quen traballa a tempo parcial) e combater a pobreza laboral, que alcanza ao 15,6% das persoas ocupadas.

Avanzar cara a unha xornada máis curta permitirá repartir mellor o emprego, mellorar a saúde laboral e aumentar a calidade de vida.

## Reforzar as políticas activas de emprego e a igualdade de xénero

A EPA tamén mostra que persisten retos estruturais en materia de desemprego. Aínda que o número de persoas paradas descende, aínda máis de 100.000 per-



soas buscan traballo, e unha de cada tres leva máis dun ano en paro. UGT reclama reforzar os servizos públicos de emprego e garantir unha orientación personalizada e eficaz, dotando de máis recursos humanos e financeiros aos organismos públicos para lograr unha reinserción laboral real e de calidade.

Ademais, a organización advirte da brecha de xénero persistente no desemprego: a taxa de paro feminina segue sendo superior á masculina (9% fronte ao 7%), o que obriga a reforzar as políticas de igualdade, a corresponsabilidade e a mellora dos contratos a tempo parcial.

UGT alerta de que, a pesar dos bos resultados económicos e ás marxes empresariais récord, só un 35% das persoas traballadoras conta con cláusulas de revisión salarial automática vinculadas á inflación ou á produtividade.

Por iso, o sindicato esixe xeneralizar estes mecanismos no VI Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva (AENC), para que o crecemento das empresas tradúzase en melloras reais para a maioría traballadora.

O obxectivo, sinala UGT, debe ser garantir que a riqueza se reparta de forma xusta e que os beneficios empresariais non se acumulen á conta do poder adquisitivo das persoas asalariadas.

A EPA do terceiro trimestre de 2025 confirma a fortaleza do mercado laboral e a eficacia do modelo de diálogo social que guiou as reformas recentes. Pero tamén mostra que persisten desequilibrios que deben corrixirse con novas medidas de xustiza laboral.

## UGT-GALICIA RENOVA A SÚA ÁREA DAS MULLERES

**Redacción.-** UGT-Galicia celebrou este xoves a renovación da súa Área das mulleres, situando ao fronte da mesma a Purificación Regueiro. Tamén formarán parte da Área Mónica Suárez, Isabel Pérez, Paula Alonso, Belén Louza e María del Carmen Ruibal.

Lembrar que esta Área quedou constituída en Galicia en setembro do ano 2023, dando así cumprimento ao mandato do 43 Congreso de UGT no que se instaba aos organismos do Sindicato a constituir estas áreas co obxecto de loitar pola igualdade real e efectiva entre homes e mulleres en todos os eidos da vida e tamén no ámbito laboral, porque é de xustiza promover o traballo decente para todos e todas.

UGT-Galicia agarda que esta Área continúe sendo un órgano de referencia en materia de igualdade para os afiliados e afiliadas



do Sindicato, delegados e delegadas e para a sociedade no seu conxunto. Un punto de encontro no que debater, analizar, crear liñas de traballo e facer achegas en todo o relativo á situación da muller no eido laboral e social.

## UGT-VIGO CELEBRA O XXIX ENCONTRO SINDICAL DA MULLER BAIXO O LEMA “LIDERADO FEMININO OU LIDERADO DE MULLERES?”

**Redacción.-** UGT-Vigo celebrou este mércores o seu XXIX Encontro sindical da muller, nesta edición baixo o lema “Liderado feminino ou liderado de mulleres?”

Neste encontro analizouse e debatiuse sobre a situación actual da muller, tanto na sociedade en xeral, como no eido laboral máis en concreto. Fíxose un percorrido por como foi evolucionando o papel da muller nestes últimos anos e tratouse de dar resposta e poñer enriba da mesa os xeitos de liderado feminino e xeitos de empoderamento.

Entre outros e outras, participaron na xornada a secretaria de Igualdade de UGT-Vigo, Laura Amez; a responsable confederal da Área das mulleres


de UGT, Medea García; Laura Seara, quen fora secretaria de Igualdade do Goberno e directora xeral do Instituto da muller; secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos; e a concelleira de Igualdade e Comercio do Concello de Vigo, Ana Laura Iglesias.

Na apertura e clausura tamén interviñeron o secretario xeral de UGT-Vigo, Ernesto Fontanes; e o secretario xeral de UGT-Galicia, Cristóbal Medeiros, respectivamente.



## Presentación o vindeiro martes en Pontevedra do libro “Franco” de Julián Casanova

**Redacción.-** A Fundación Luís Tilve presentará o vindeiro día 28 no paraninfo do IES Sánchez Cantón, en Pontevedra, o libro Franco, de Julián Casanova. Unha biografía informada, veraz e reveladora, afastada dos maniqueísmos e os tópicos que condicionaron a imaxe que chegou ata nós, da persoa que determinou os destinos de España durante catro décadas. No acto estarán, ademais do autor, o historiador José Fortes Bouzán.



FRANCO JULIÁN CASANOVA

📍 MARTES, 28 DE OCTUBRE DE 2025

19:30h. PARANINFO  
DEL IES SÁNCHEZ CANTÓN  
AVDA. RAÍÑA VITORIA UXÍA, S/N. PONTEVEDRA

Acompañarán al autor: Guillermo Pérez Agulla,  
Director de la Fundación Luís Tilve, José Fortes Bouzán,  
historiador y fundador de la UMD

Entrada libre hasta completar aforo



## FOLGA DE 24 HORAS O VINDEIRO LUNS DO PERSOAL DE TERRA DO AEROPORTO DA CORUÑA

**Redacción.-** FeSMC convoca aos traballadores e traballadoras do servizo de handling do aeroporto da Coruña a unha folga de 24 horas o vindeiro luns, día 27.

Xornada de folga que irá acompañada dunha concentración na terminal de Alvedro entre as 12 e as 13 horas.

Os traballadores e traballadoras deste servizo denuncian xornadas in-

terminables, un cadro de persoal deficiente, falta de dereitos en materia de conciliación, precariedade e abuso de contratos parciais, sen reforzos para PMR e sen atención aos riscos psicosociais.

Os traballadores e traballadoras din basta xa a esta situación e este xeito de exercer as súas funcións que se está a facer insostible.



## UGT SERVICIOS PÚBLICOS REÚNESE CO PERSOAL DO ARSENAL DE FERROL E TRASLÁDALLE O CONTIDO DO RECENTE ACORDO CON DEFENSA

**Redacción.-** UGT Servicios Públicos reuniuse este mércores nunha asemblea cos traballadores e traballadoras do Arsenal de Ferrol para explicarlles o contido do recente acordo ao que se chegou co Ministerio de Defensa e que vai supoñer unha mellora unilateral da administración de 200 euros ao mes para o persoal laboral deste Ministerio e organismo autónomos.



## O SECTOR DO AUTOMÓBIL DE UGT FICA AVOGA POR MEDIDAS URXENTES PARA AFRONTAR A TRANSFORMACIÓN

**Redacción.-** O Equipo de Traballo do Sector da Industria Automobilística de UGT FICA, integrado polos responsables sectoriais de cada Comunidade Autónoma con implantación no sector xunto aos responsables nacionais dos subsectores de compoñentes de automoción, reuníronse este martes en Madrid ao obxecto de analizar a situación pola que atravesamos o conxunto do sector do automóbil no noso país.

Na reunión púxose de manifesto o escenario actual que vive a industria automobilística, marcada pola reconversión do sector e a necesidade de reinvertirse para afrontar non só situacións conxuntuais como a imposición de aranceis ou as situacións bélicas, senón tamén a aparición de novos competidores de fóra da CE, fundamentalmente China e o norte de África, que requiren a posta en marcha de medidas concretas, específicas e urxentes a nivel europeo e nacional.

Así, debateuse sobre as distintas ferramentas con que conta o sector para poder canalizar a aplicación correcta destas medidas, entre elas, a reactivación da Mesa de Automoción. Neste liña, o equipo de traballo considerou que, de non adoptarse canto antes as medidas que vimos demandando desde UGT FICA para minimizar as consecuencias negativas da transformación do sector, este vai seguir sufrindo tanto no que se refire á destrución de centros de traballo como de emprego, nun sector que é referente e motor económico en Europa e España.

A este respecto constatouse que o Goberno está a facer unha aposta clara a través das súas políticas en prol de po-



tenciar e manter a súa industria e o emprego, pero insistiron en que se debe seguir traballando e acelerando as medidas que expomos desde a Federación.

Neste sentido, os e as participantes reafirmaron o seu compromiso coa defensa dun proceso de transición xusto e ordenado, que non deixe a ninguén atrás, e impida a brecha social de mobilidade e facilite a cohesión territorial.

## UGT SERVICIOS PÚBLICOS RECLAMA UNHA NEGOCIACIÓN URGENTE PARA TRATAR A GRAVE SITUACIÓN FUNCIONAL E DE SEGURIDADE DOS EQUIPOS TÉCNICOS DE MENORES DEPENDENTES DA XUNTA

**Redacción.-** UGT solicitou á Dirección Xeral de función pública que articule dito proceso de negociación ante a situación que vive dito persoal e que se arrastra dende hai anos e agora xa é intolerable.

O sindicato demanda unha actuación urgente e solicitou á Dirección Xeral de función pública que articule unha negociación coa Consellería de Política social logo de asistir a unha xuuntanza cunha ampla participación de persoal de equipos de menores que levan anos intentando acadar solucións, e que agora chegan a unha situación límite que non se pode prorrogar por máis tempo. Así o manifestou tamén o sindicato na última reunión da Comisión de persoal da Xunta de Galicia.

Dito persoal precisa que os traballos fora do centro de referencia (Edificios Administrativos da Xunta de Galicia) deben ir acompañadas dunha orde de servizo. Non pode ser que os traballadores e traballadoras estén desprotexidos laboral e xuridicamente cando fan saídas a domicilios, centros educativos, hospitais, puntos de encontro etc., así como delimitar e regular as súas funcións de forma clara.

Polas características da súas actuacións, moitas das saídas anteriormente citadas fanse fora do horario laboral, e dito persoal ten flexibilidade horaria que se está a confundir con disponibilidad horaria. As traballadoras e traballadores poden ser flexibles pero elas e eles teñen tamén o dereito a ter vida fora do seu traballo.

Por último, debe preservarse o dereito á confidencialidade da súa identidade por medio de tarxetas acreditativas e identificativas como persoal funcionario de menores sen que se vexa comprometida a súa identidade real. Os nomes e apelidos figuran en documentación, rexistros, actuacións, xulgados etc.. Isto conleva persecución e acoso, chegando incluso ás agresións, debido a que son identificados.

A situación actual do persoal dos Equipos de menores de Galicia require unha actuación rápida e resolutiva da Xunta de Galicia, máis concretamente da Consellería de Política Social, para que as condicións de traballo destes equipos sexan dignas e seguras.

## UGT RECLAMA UN MARCO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS ESPECÍFICO PARA O SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO TRAS A SENTENZA DO TS

**Redacción.-** UGT Servicios Públicos remitiu comunicacións á ministra de Traballo e Seguridade Social e á ministra de Igualdade para trasladar a súa preocupación ante a recente sentenza do Tribunal Supremo (n.º 1198/2025), que anula a disposición do Real Decreto 893/2024 relativa á avaliación de riscos no Servizo de Axuda a Domicilio (SAD). Esta decisión supón un grave retroceso na protección dun colectivo altamente feminizado e exposto a riscos laborais, que desempeña o seu labor en contornas non controladas e con elevada carga física e emocional. A disposición anulada recoñecía a necesidade de realizar avaliacións de riscos presenciais nos domicilios e adaptar os medios de traballo a cada intervención, medidas que eran esenciais para garantir condicións seguras no exercicio profesional do SAD.

UGT Servicios Públicos considera imprescindible abrir de maneira urgente un proceso de diálogo co Ministerio de Sanidade e o Ministerio de Traballo que permita establecer un marco normativo específico de pre-

vención no sector de coidados. A sentenza non pode converterse nunha escusa para rebaixar obrigacións preventivas nin para que as empresas externalizadoras reduzan recursos á conta da saúde das traballadoras. O sindicato insiste en que a prevención de riscos laborais debe realizarse no lugar real de traballo e con recursos adecuados, contemplando riscos ergonómicos, biolóxicos e psicosociais. O SAD non pode seguir funcionando con criterios preventivos xerais pensados para outros sectores, porque a realidade do coidado domiciliario é distinta e require medidas específicas.

O sindicato lembra que as profesionais do SAD desempeñan un servizo esencial dentro do sistema público e atenden a persoas maiores,



con discapacidade ou en situación de dependencia. Con todo, seguen enfrontándose a elevada precariedade laboral, sobrecarga física e carencia de medidas preventivas eficaces. UGT esixe unha solución normativa inmediata e negociada que garanta a protección efectiva deste persoal e reafirma o seu compromiso na defensa de condicións dignas e seguras no sector de coidados. Coidar non pode seguir sendo unha actividade laboral de risco nin un ámbito ignorado pola prevención de riscos laborais.

# UGT CHAMA A RECOLLER O CANCRO DE MAMA NO LISTADO DE ENFERMIDADES PROFESIONAIS

*No Día mundial do cancro de mama, o sindicato lembra que a infradeclaración de enfermidades profesionais supón un alto custo, non só para as traballadoras que as sofren, senón tamén para o sistema público de saúde, ao cal se derivan os custos que deberían ser asumidos polas Mutuas Colaboradoras coa Seguridade Social*

**Redacción.-** Segundo o Observatorio do Cancro, o 28,4% dos pacientes de cancro perderon ou deixaron o traballo despois da enfermidade e un 3% tivo que cambiar de traballo como consecuencia da enfermidade. Ás dificultades físicas e emocionais, súmanselle as dificultades económicas. O 41% das familias enfróntase a un custo superior aos 10.000 euros durante a enfermidade, situándose en moitos casos en risco de exclusión social.

O impacto do cancro na contorna laboral é maior nas mulleres que nos homes. No caso das mulleres enfermas de cancro, o 55% declara ver limitadas as súas oportunidades laborais ou carreira profesional, mentres que nos homes esta situación dáse nun 41%. A falta de apoio percibida por compañeiros ou xefes tamén é superior no caso das mulleres, un 41% fronte ao 29% dos homes. Ademais, á hora de atopar impedimentos para realizar o traballo, o impacto tamén é maior nas mulleres, 50%, fronte ao 37% que declaran os homes.

En 2024 diagnosticáronse 35.875 novos cancros de mama, segundo o Observatorio do Cancro da Asociación Española Contra o Cancro (AECC), o que supón case o 30% dos cancros diagnosticados en mulleres. É, por tanto, o máis frecuente en mulleres e estímase que unha de cada oito mulleres españolas desenvolverá esta enfermidade ao longo da súa vida.

A Sociedade Española de Oncoloxía Médica, estima que en 2025 diagnosticáranse 37.682 novos casos.

A idade de máxima incidencia está por encima dos 50 anos, aínda que o 10% dos casos détéctase en mulleres menores de 40.

En 2024 morreron 6.518 persoas por cancro de mama en España. Representa un 15% de todos os falecementos por cancro na muller no noso país.

A AECC indica que a mortalidade tende a diminuír pola mellora nos tratamentos e grazas aos programas de cribado grazas aos que se logra diagnosticar a enfermidade nos seus inicios. Os programas de cribado e a prevención a través dos servizos públicos de saúde salvan vidas, pero estas medidas de prevención poden entenderse tamén ás empresas na actualidade.

Durante os procesos de vixilancia da

saúde que deben proporcionarse ás persoas traballadoras para o cumprimento da Lei de Prevención, algunhas empresas amplían con probas diagnósticas preventivas ou cribados para o cancro de mama, próstata ou colon, facilitando a detección precoz e mellorando a supervivencia das persoas traballadoras. Sería conveniente que esta práctica estendécese rapidamente polos beneficios que achega non só ás persoas traballadoras, senón á sociedade en xeral.

Como sabemos, os factores de risco que favorecen a aparición do cancro de mama son múltiples. Entre eles, atópanse a idade, a obesidade, o consumo de tabaco e alcol, o historial reprodutivo e os antecedentes familiares. Por iso, é necesario actuar de forma máis eficaz naquelas causas que se poidan controlar de forma activa, como pode ser a prevención á exposición a axentes carcinóxénicos no traballo. Non sóamente do tipo de substancia canceríxena, senón tamén reducindo os valores límite e tendo en conta as diferenzas que poidan existir ante diferentes comportamentos biolóxicos en homes e mulleres.

Ata o de agora, os valores límite establecíanse con parámetros masculinos, sen ter en conta as diferentes pautas ou formas de penetración no organismo se a exposición experimentábaa unha muller. Por tanto, é necesario aumentar a investigación e establecer medidas adicionais de prevención para as mulleres expostas no seu lugar de traballo.

O investigador Laurent Vogel sinalou claramente que "se vostede é un home con



cancro de pulmón, o seu médico probablemente preguntarlle onde traballa, pero é pouco probable que o faga se é unha muller con cancro de mama. A consecuente falta de información podería ser crítica".

A actualización da listaxe de enfermidades profesionais española tamén debe dotarse de perspectiva de xénero: deben recollese enfermidades femininas con orixe laboral como o cancro de ovario por exposición ao amianto, pero hoxe especialmente subliñamos a necesidade de recoller na devandita listaxe, o cancro de mama, por exposición ao traballo nocturno, por exposición a substancias químicas (pesticidas, bifenilos policlorados, hidrocarburos aromáticos policíclicos, benceno e outros disolventes, óxido de etileno), e radiacións ionizantes.

A infradeclaración de enfermidades profesionais e en especial do cancro de mama, supón un alto custo, non só para as traballadoras que as sofren, que ven privadas tanto do recoñecemento social como en termos de prestacións, senón tamén para o sistema público de saúde, ao cal se derivan os custos que deberían ser asumidos polas Mutuas Colaboradoras coa Seguridade So-

cial.

Os programas de vixilancia da saúde tamén deben dotarse de perspectiva de xénero e adaptarse aos riscos do possto que ocupa a persoa traballadora, pero tendo en conta tamén se é muller ou home, para incorporar por exemplo frecuencias ou probas médicas distintas ou específicas se fose necesario.

Tras a ausencia prolongada no posto de traballo que adoita levar asociada esta enfermidade, débese realizar a vixilancia da saúde tal e como establece o Regulamento dos Servizos de Prevención (RD 39/1997, do 17 de xaneiro). No momento da incorporación, debe valorarse se se considera á traballadora como especialmente sensible a determinados riscos e en consecuencia implantar as medidas preventivas e de protección necesarias, xa que é necesario adaptar o posto de traballo ás condicións da traballadora tras a súa incor-

poración despois do tratamento e a enfermidade.

As secuelas do cancro seguen persistindo, en maior ou menor medida, unha vez finalizáronse os tratamentos. A Asociación Española contra o Cancro indica que a dor física e a fatiga son dous dos síntomas máis frecuentes que persisten nos sobreviventes do cancro.

Como se demostrou, en moitos casos, a reincorporación pode ter efectos positivos para a recuperación física e emocional da persoa traballadora, pero tamén pode provocar preocupacións respecto á diminución do rendemento e á relación con outros compañeiros e compañeiras.

O momento da reincorporación ao traballo das mulleres que sufriron cancro de mama, unha vez que a decisión médica e persoal apóieno, deberá ser progresiva e paulatina, para proporcionar seguridade e

confianza á persoa traballadora. Debe permitir e axudar a combater a ansiedade que poida supoñer a volta ao traballo.

Por iso é clave negociar, entre a empresa e os representantes das persoas traballadoras, protocolos para a reincorporación ao traballo destas persoas, do mesmo xeito que se poden incluír cláusulas nos convenios colectivos que o regulen.

Poden recomendarse a flexibilidade no horario, as adaptacións de xornada, evitar os traballos que conleven unha alta carga física ou tamén aqueles que poidan implicar altos niveis de estrés, como medidas que axuden a adaptar o traballo á persoa e as súas características actuais. É importante ademais sensibilizar a toda a organización sobre a necesidade de facilitar o momento no que as mulleres que sufriron cancro de mama volven ao traballo.

## UGT CELEBRA AS XORNADAS DE ACCIÓN SINDICAL SOBRE 'NEGOCIACIÓN COLECTIVA E DIÁLOGO SOCIAL: 40 ANOS DA LEI DE LIBERDADE SINDICAL. UGT Á VANGARDA DO CAMBIO'

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores (UGT) celebra, os días 22, 23 e 24 de outubro, as xornadas confederais de Acción Sindical sobre Negociación Colectiva e Diálogo Social: 40 anos da Lei de Liberdade Sindical. UGT á vangarda do cambio.

Este mércores tivo lugar a inauguración do encontro, que foi presentada pola sindicalista de UGT Afra Blanco e na que interviñeron o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, a secretaria xeral de UGT Madrid, Susana Huertas, e a vicepresidenta segunda e ministra de Traballo e Economía Social, Yolanda Díaz.

En declaracións aos medios de comunicación previas ao comezo do acto, o vicesecretario xeral de Acción Sindical de UGT, Fernando Luján, sinalou que este encontro "serve para reflexionar e para sacar conclusións que serán trasladadas ás resolucións do Comité Confederal". Por iso, o vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT puxo en valor "a importancia dos temas" que se tratarán nesta cita.

Na súa intervención no acto, Susana Huertas incidíu en que estas xornadas "son claves para construír unha sociedade xusta, igualitaria e máis democrática". Neste sentido, a secretaria xeral de UGT Madrid enxalzou "o tra-



ballo serio, comprometido e honesto dos delegados e delegadas" que loitan cada día polos dereitos das persoas traballadoras. "O sindicalismo non é só resistir, tamén é propoñer, construír e dar esperanza", resolveu Huertas.

Pola súa banda, Yolanda Díaz agradeceu a invitación ao acto "para conmemorar 40 anos de historia da Lei de Liberdade Sindical". Así, agradeceu que UGT abrise "o debate sobre o proceso democrático da liberdade sindical en España e no mundo".

Nesta liña, a titular de Traballo e Economía Social valorou o papel do sindicato no diálogo social e ante materias tan importantes como a reforma

do despedimento: "Esta mesa que se abriu é a primeira da democracia que vai facer unha reforma que sexa positiva para o despedimento no noso país e é grazas á denuncia presentada por UGT ante o Comité Europeo de Dereitos Sociais", enxalzou a ministra.

Por último, Pepe Álvarez clausurou a inauguración do acto. No seu discurso, o secretario xeral de UGT sinalou que o sindicato "quere abrir un debate que vaia máis aló da negociación colectiva" e mandou unha mensaxe de "solidariedade, respecto e agarimo ás mulleres que están pendentes dos resultados das súas mamografías e aos profesionais da sanidade pública". Neste sentido, Álvarez concretou que

“os servizos públicos son esenciais para o sistema democrático, para poder exercer a liberdade e os nosos deberes”.

Doutra banda, o secretario xeral de UGT valorou “as conquistas importantísimas conseguidas para as persoas traballadoras nos últimos anos” e lembrou os efectos da reforma laboral para reducir a precariedade. Do mesmo xeito, o secretario xeral de UGT chamou a “valorar e continuar traballando en relación coa subida do Salario Mínimo Interprofesional (SMI)” e valorou o último acordo de pensións: “é extraordinariamente positivo”, resolveu.

Finalmente, Pepe Álvarez sinalou que “40 anos despois da Lei de Liberdade Sindical igual chegou a hora de facerlle algunha reforma” e instou a

“motivar ás persoas traballadoras porque merece a pena continuar na senda do progreso e as liberdades”.

“A acción sindical ten que ser integral, temos que falar de sanidade, educación, vivenda e protección social porque aí vai unha parte moi importante das marxes salariais”, sentenciou Álvarez.

Tras as intervencións tivo lugar unha mesa redonda sobre os 40 anos de LOLS. A visión do sindicato na sociedade que foi moderada pola secretaria executiva de UGT, Alejandra de la Fuente. Nela, participaron os xornalistas Carlos Segovia, Raquel Pascual, José María Camarero, Lucía Palacios e Laura Olías..

Este xoves tamén se celebraron

varias mesas redondas que abordaron cuestións que van desde as pensións dos deportistas e o papel do sindicato, os coeficientes redutores e xubilación e os novos retos sindicais, pasando pola vivenda, un elemento esencial e a redución do tempo de traballo. A perspectiva desde a produtividade, a conciliación e a saúde laboral.

Por último, este venres debaterase sobre as normas internacionais e os dereitos laborais, e sobre os obxectivos da Negociación Colectiva. Cara ao VI AENC. As conclusións da xornada correrán a cargo do vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT, Fernando Luján, e na clausura intervirán a ministra de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, Elma Saiz, e o secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez.

## UGT REFORZA A SÚA PRESENZA SINDICAL EN EUROPA COA RENOVACIÓN DA SÚA REPRESENTACIÓN NO CESE PARA 2025–2030

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores renova a súa representación no Comité Económico e Social Europeo (CESE) para o mandato 2025–2030, reafirmando o seu compromiso coa defensa dos dereitos laborais e a participación sindical no deseño das políticas europeas.

A nova delegación estará integrada por Mari Carmen Barrera, secretaria de Políticas Europeas; Manuel García Salgado, coordinador da mesma Secretaría; e Carmen Donate López, secretaria federal da área Externa de FeSMC-UGT. Durante o plenario inaugural do novo mandato, o CESE elixiu como presidente a Séamus Boland, do Grupo das Organizacións da Sociedade Civil.

Barrera continuará como vicepresidenta do Grupo dos Traballadores, membro do Bureau das seccións Económica e de Emprego e Asuntos Sociais, asumindo ademais novas funcións no Grupo do Semestre Europeo e como presidenta do Grupo Permanente para a Iniciativa Cidadá (ECI). Salgado mantén a súa participación na Comisión Consultiva das Transformacións Industriais (CCMI), a Sección de Relacións Exteriores (REX) e a Sección de Mercado Único, Produción e Consumo. Pola súa banda, Donate incorporarase ás seccións de Agricultura, Desenvolvemento Rural e Medio Ambiente e de Transporte, Enerxía, Infraestrutu-



ras e Sociedade da Información (TEN).

### Emprego de calidade e diálogo social como eixos de acción europea

UGT subliña que a súa participación no CESE constitúe unha ferramenta fundamental para influír nas políticas da Unión Europea desde unha perspectiva sindical e social, promovendo un modelo económico que sitúe o emprego digno, a cohesión e a sustentabilidade no centro do proxecto común europeo.

A continuidade de Barrera e Salgado, xunto coa incorporación de Donate, reforza a estratexia de UGT

nos debates sobre reindustrialización, dobre transición, dereitos laborais e fortalecemento do diálogo social. A experiencia da nova delegación permitirá impulsar posicións sindicais en temas clave como a transformación enerxética, a dixitalización inclusiva ou a igualdade de xénero no emprego.

O novo mandato do CESE iníciase nun momento decisivo para Europa, marcado polo desafío de avanzar cara a unha dobre transición que non deixe a ninguén atrás. Desde Bruxelas, UGT seguirá traballando para que as políticas europeas xeren empregos sostíbeis, con dereitos e calidade, e para consolidar o papel dos interlocutores sociais como actores imprescindibles na construción do futuro europeo.